

PAULA COSTAS ROMERO, en calidade de Secretaria Xeral. do Concello de Marín,

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na súa sesión ordinaria do día 10 de xullo de 2019 adoptou, entre outros e por unanimidade, o seguinte acordo:

Expte: 2018/CO145-041 - Aprobación inicial y sometimiento a información pública del “Proyecto técnico de mejora de la movilidad en la Avenida de Ourense. Concello de Marín”, en el marco de la Estrategia de Desarrollo Urbano Sostenible e Integrado (EDUSI) Marín 2020, cofinanciada por la Unión Europea a través del Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER) con una tasa de cofinanciación del 80%, dentro del eje 12 del programa operativo plurirregional de España (POPE) 2014-2020.

Por resolución do 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos do Ministerio de Facenda e Función Pública (BOE do 14/12/2016), concedeuse unha axuda FEDER de 4.997.945,60 euros ao Concello de Marín para a execución das liñas de actuación recollidas no plan de implementación da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) Marín 2020, cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), cunha taxa de cofinanciamento do 80%, dentro do eixo 12 do programa operativo plurirrexional de España (POPE) 2014-2020.

No marco da liña de actuación 4: *“Mellorar a mobilidade e a accesibilidade no conxunto do concello a través da implantación dun plan de mobilidade urbana sostible”* da Estratexia DUSI Marín 2020, que contribúe ao Obxectivo temático 4 do POCS: *“Favorecer a transición a unha economía baixa en carbono en todos os sectores”*, o Concello de Marín pretende executar as obras consistentes na humanización e mellora da mobilidade e accesibilidade dun tramo da Avenida de Ourense (PO-11), situado no núcleo urbano de Marín, entre os puntos quilométricos pp.kk 4+230 e 5+500, na marxe da beirarrúa entre a calzada e o límite portuario, aproveitando que toda a zona vaise a ver afectada polas obras do novo colector xeral, renovando o aspecto deste tramo, dispoñendo novos pavimentos, iluminación mais eficiente, mobiliario urbano renovado, etc.

O proxecto técnico para a execución das obras de referencia foi redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Luis H. Gómez Carrión, da consultoría TECYP INGENIERÍA, S.L., en febreiro de 2019, cun orzamento base de licitación, sen IVE, por importe de 1.242.449,90 euros, equivalente ao valor estimado das obras e 260.914,48 euros de IVE, ascendente o orzamento total de licitación (IVE incluído) á cantidade de 1.503.364,38 euros e un prazo de execución de doce (12) meses.

As principais actuacións recollidas no proxecto consisten na creación dunha rede básica para peóns e un itinerario ciclista, renovación de pavimentos e do mobiliario urbano e arborado, renovación da iluminación do tramo colocando tecnoloxía LED máis eficiente e redefinición da sección tipo do vial existente, ampliando beirarrúas, mellorando a accesibilidade e reordenando os espazos de aparcamento para minimizar a súa ocupación.

Pola arquitecta municipal emitíronse tres informes acerca da viabilidade urbanística do proxecto e posibles afeccións sectoriais, en datas 21/03/2018, 01/03/2019 e 15/03/2019, concluíndose que as actuacións proxectadas son compatibles co planeamento urbanístico vixente e sinalándose que: *“[...] Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e o Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Marín (PXOM), aprobado definitivamente o 27.06.2012 e publicado no BOP nº 198 do 15.10.2012, segundo o cal o solo onde se realizarán as obras é Solo urbano. SISTEMA XERAL PORTUARIO.*

Sendo de aplicación o Plan especial de ordenación do Porto de Marín e Ría de Pontevedra,

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E3000346ED00J6M6R5O9I5H7 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">PAULA COSTAS ROMERO-Secretaría - 12/07/2019 MARÍA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 12/07/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/07/2019 15:17:35</p>	<p>EXPEDIENTE : 2018CO145-000041 Fecha: 14/02/2019 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	--	--



aprobado definitivamente o 19.07.2013 e publicado no BOP n.º 152 do 09.08.2013, o paseo marítimo está no Sector S-3, Subsector S-3.2, vinculado á interacción porto-cidade e náutico-deportivo.

Neste sector o uso de paseo está recollido dentro dos usos pormenorizados: “socio-cultural, deportivo y espazos libres”. No punto a) Espazos libres.

E polo tanto está permitido coas condicións recollidas no artigo 48 do Plan especial de ordenación do Porto de Marín e Ría de Pontevedra.

[...]O proxecto presentado cumpre coas prescricións do artigo 18 das NN.UU. do PXOM.

O proxecto presentado xustifica o cumprimento do Decreto 35/2000 sobre accesibilidade e supresión de barreiras.

Segundo a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP/2017), o proxecto comprende os apartados mencionados no seu artigo 233.

A actuación que se pretende levar a cabo ten a consideración de obra completa susceptible de ser entregada ao uso público segundo o artigo 99 da LCSP/2017.

[...] Dada a localización das obras, no límite da zona de servizo do porto de Marín e Ría de Pontevedra, deberá contarse coa **autorización do Porto, do Ministerio de Fomento, da Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra.**

As obras están na estrada estatal PO-11, polo que deberá obterse previamente a **autorización ou informe do Ministerio de Fomento.**

As obras están no entorno de protección do ben catalogado EL.S2 (Farol da Praza de España), polo que segundo o artigo 157 o proxecto deberá contar coa **autorización da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.**

CONCLUSIONES

As actuacións proxectadas son compatibles co planeamento urbanístico vixente [...].”

Polo enxeñeiro técnico municipal emitiuse informe favorable de supervisión do proxecto, con data 01/03/2019, a efectos do previsto no artigo 136.3 do RXLCAP, no que se declara expresamente que o citado proxecto técnico reúne cantos requisitos son esixidos pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e polo Regulamento Xeral de Contratación das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001 do 12 de outubro, facéndose constar que: “[...] o contido formal e documental do Proxecto se axusta ó establecido para o caso no art. 233 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, sendo, a xuízo do técnico que subscribe, suficiente para a definición, valoración e execución das obras proxectadas.[...] A xuízo do técnico que subscribe, o Proxecto de “PROYECTO TÉCNICO DE MEJORA DE MOVILIDAD EN LA AVENIDA DE OURENSE. CONCELLO DE MARÍN”, proxecto asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. Luis H. Gómez Carrión, da consultoría TECYP INGENIERÍA, S.L., en febreiro de 2019, axústase ás condicións requiridas ao respecto na Lei 9/2017, e, polo tanto, resulta suficiente para a definición, valoración e execución das obras nel proxectadas, polo que se informa favorablemente dito proxecto en relación coa súa viabilidade como obra completa, susceptible de entrar en servizo á súa finalización. [...]”.

O proxecto conta coas autorización sectoriais preceptivas para a execución das obras, outorgadas polos seguintes organismos:

- Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo, do 20/05/2019, que autoriza as obras, coas seguintes condicións:
 - As características estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes co contorno e coas edificacións tradicionais da zona.
 - O acabado do carril-bici será de formigón armado coloreado en masa en cor RAL 1019, correspondente a un beixe escuro grisáceo.
 - Os elementos de mobiliario urbano e iluminación que se empreguen axustaranse a un criterio de simplicidade e discreción no seu deseño, e una escala respectuosa coas características do

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E3000346ED00J6M6R5O9I5H7 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA PAULA COSTAS ROMERO-Secretaría - 12/07/2019 MARÍA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 12/07/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/07/2019 15:17:35	EXPEDIENTE : 2018CO145-000041 Fecha: 14/02/2019 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL
--	---	---



ámbito. Nos equipos de iluminación non se empregarán elementos metálicos pulidos, susceptibles de xerar brillos. No referente á súa cor, empregarase o negro 7502-Y recomendacións para cerrallería na área, segundo a ficha R01 do Tomo VIII: GAP Rías Baixas da Guía de Cores e Materiais de Galicia, editada en 2017 pola Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

- Non será autorizable a instalación de mobiliario de bancos retro iluminados proxectados.
- En cando ás varandas teranse en conta os criterios de sinxeleza en canto ás formas, e en canto o seu acabado en aceiro inoxidable evitando o aceiro pulido, que xera brillos e destelos.
- Os posibles detalles de urbanización (sumidoiros, embornais, etc.) e as arquetas a substituír deberán resolverse de xeito discreto, favorecendo a súa integración. As súas tapas realizaranse en materiais cunha calidade acorde para quedar vista, como tapas de fundición”.

– Resolución da Demarca de Estradas do Estado en Galicia do Ministerio de Fomento, de data 20/06/2019, que autoriza, polo que a estrada refírese, a execución das obras con suxeición a unha serie de condicións particulares e xenerais que damos aquí por reproducidas debido á necesaria concisión.

– Autorización do 24/06/2019 da Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra, na que se indica que o ámbito do proxecto inclúese dentro das superficies e instalacións cedidas ao Concello de Marín en virtude do “Acuerdo entre la Autoridad Portuaria de Marín y Ría de Pontevedra y el Ayuntamiento de Marín sobre gestión de determinadas superficies e instalaciones incluídas en la zona de servicio del Puerto de Marín”, suscrito entre ambas administracións o 1 de xullo de 2000 e modificado mediante acordo do 30 de xullo de 2010, polo que: “[...] se informa favorablemente y se autoriza el proyecto remitido, sin perjuicio de las cuestiones técnicas formuladas por los servicios de este organismo que se relacionan en el anexo.”

Conforme ao establecido no artigo 231 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto, que definirá con precisión o obxecto do contrato.

De conformidade co artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: «As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto despois da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor». Por tanto, non requiren licenza urbanística os actos promovidos polo Concello no seu termo municipal, producindo a aprobación do proxecto os mesmos efectos que o outorgamento de licenza urbanística.

A teor do informado polos servizos técnicos municipais e polos organismos con competencias sectoriais na materia, a actuación resulta viable urbanisticamente e o proxecto redactado contén todos os documentos e determinacións esixidos na Lei de Contratos do Sector Público e o seu Regulamento de desenvolvemento, concluíndose que as actuacións proxectadas son compatibles co planeamento urbanístico vixente e coa normativa urbanística e sectorial de aplicación, cumprindo con todas as determinacións do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana de Marín e do Plan especial de ordenación do Porto de Marín e Ría de Pontevedra, a efectos do esixido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Segundo informe da Secretaria municipal, de data 10/07/2019, “[...] En aras a garantir la efectiva participación de los agentes sociales en fase de ejecución de la estrategia DUSI, tal y como exige la normativa reguladora de las ayudas europeas y de cumplir con las obligaciones de publicidad activa, establecidas en la Ley 39/2015 del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas y en la normativa vigente en materia de Transparencia, en el acuerdo de aprobación inicial del proyecto

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E3000346ED00J6M6R5O9I5H7 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">PAULA COSTAS ROMERO-Secretaría - 12/07/2019 MARÍA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 12/07/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/07/2019 15:17:35</p>	<p>EXPEDIENTE : 2018CO145-000041 Fecha: 14/02/2019 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	--	--



se acordará la apertura del trámite de información pública, por plazo mínimo de un mes, mediante anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra y en uno de los periódicos de mayor difusión en la provincia y mediante notificación individual a los propietarios afectados –Ministerio de Fomento, en este caso-, donde se indique el plazo de alegaciones y el lugar de exhibición del proyecto técnico. Asimismo, estará a disposición de los interesados en la sede electrónica del Ayuntamiento.

La oportunidad de este trámite de información pública viene recogida expresamente en el artículo 83.1 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, que señala que, el órgano al que corresponda la resolución del procedimiento, cuando la naturaleza de éste lo requiera, podrá acordar un período de información pública. [...]

De este modo, por lo motivos expuestos de transparencia y participación ciudadana dispuestos por la normativa reguladora de las estrategias DUSI, así como por la normativa vigente en materia de transparencia y por la Ley 39/2015, en relación directa con las actuaciones proyectadas y su clara incidencia sobre los ciudadanos y el medio ambiente urbano, como son la creación de una red básica para peatones y de un itinerario ciclista, la renovación de pavimentos y del mobiliario urbano y arbolado, la renovación de la iluminación del tramo colocando tecnología LED más eficiente y redefinición de la sección tipo del vial existente, la ampliación de aceras, la mejora de la accesibilidad y reordenación de los espacios de aparcamiento en aras de minimizar su ocupación; resulta conveniente realizar el citado trámite de exposición pública.

[...] De acuerdo con el artículo 231 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, la aprobación del proyecto corresponderá al órgano de contratación salvo que tal competencia esté específicamente atribuida a otro órgano por una norma jurídica. En el ámbito de la Administración local, esta aprobación le corresponde a quien, con arreglo a lo dispuesto en la Disposición Adicional Segunda de la LCSP, sea el órgano de contratación.

Teniendo en cuenta de que el valor estimado de las obras no supere el 10 % de los recursos ordinarios del Presupuesto Municipal del ejercicio 2019, que ascienden al importe de 1.339.797,43 euros, conforme al apartado primero de la Disposición Adicional Segunda de la LCSP, el órgano de contratación es la Alcaldesa y, por tanto, será a ésta a quien corresponda la aprobación del proyecto, si bien, el ejercicio de dichas atribuciones ha sido objeto de delegación en la Junta de Gobierno Local, mediante resolución de fecha 19/06/2019, publicada en el BOPPO n.º 127, de fecha 04/07/2019.

Como quiera que una parte del crédito que ha de financiar el contrato procede de una subvención con cargo a fondos comunitarios europeos y otra parte depende de un préstamo pendiente de formalización, deberemos acudir a la llamada tramitación anticipada. [...]

En consecuencia, y de acuerdo con en el artículo 231 de la LCSP, la aprobación del presente debe realizarse por el órgano de contratación que tenga atribuida la competencia por la Disposición Adicional Segunda de la LCSP, en este caso a la Junta de Gobierno Local por delegación de la Alcaldía, de acuerdo con las facultades que a dicho órgano concede la Disposición Adicional Tercera LCSP para la tramitación anticipada.[...].

Dado que o proxecto conta co informe favorable dos servizos técnicos municipais e as autorizacións sectoriais preceptivas e reúne cantos requisitos son esixidos pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e polo Regulamento Xeral de Contratación das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001 do 12 de outubro, procede o seu sometemento a aprobación inicial e posterior información pública.

Vistas as atribucións que conforme ao artigo 231 e Disposición Adicional Segunda da LCSP corresponden á Alcaldesa para a aprobación dos proxectos de obras e que foron obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, mediante resolución da Alcaldía de data 19/06/2019, publicada no BOPPO n.º 127, de data 04/07/2019, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **acorda:**

Primeiro. – Aprobar inicialmente o **“Proxecto técnico de mellora da mobilidade na Avenida de Ourense. Concello de Marín”, no marco da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) Marín 2020, cofinanciada pola Unión Europea a través do**

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E3000346ED00J6M6R5O9I5H7 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">PAULA COSTAS ROMERO-Secretaría - 12/07/2019 MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 12/07/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/07/2019 15:17:35</p>	<p>EXPEDIENTE : 2018CO145-000041 Fecha: 14/02/2019 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	--	--



Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), cunha taxa de cofinanciamento do 80%, dentro do eixo 12 do programa operativo plurirrexional de España (POPE) 2014-2020 (Expte: 2018/CO145-000041), redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Luis H. Gómez Carrión, da consultoría TECYP INGENIERÍA, S.L., en febreiro de 2019, cun orzamento base de licitación, sen IVE, por importe de 1.242.449,90 euros, equivalente ao valor estimado das obras, e un prazo de execución de doce (12) meses.

Segundo. – Someter o devandito proxecto a información pública por prazo dun mes mediante a publicación de anuncios no taboleiro de edictos da sede electrónica municipal, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e nun dos xornais de maior difusión na provincia, computándose a finalización do prazo desde a data da publicación no Boletín Oficial da Provincia, e mediante notificación individual aos propietarios afectados.

Durante o devandito prazo de información pública, quedará o expediente a disposición de calquera interesado que queira examinalo nas dependencias municipais de Secretaría, de luns a venres, en horario de atención ao público, aos efectos de que se presenten as alegacións e suxestións que se consideren pertinentes. Así mesmo, o proxecto estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<https://sede.concellodemarin.es/index.php?id=126>]

Terceiro. – Tras a emisión do informe técnico sobre as alegacións presentadas ou en caso de non presentarse alegacións ao proxecto, a Xunta de Goberno Local resolverá sobre a aprobación definitiva do proxecto coas modificacións que resulten pertinentes.

E para que así conste, coa salvedade a que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expídese a presente certificación, por orde e co visto e prace da Sra. Alcaldesa-presidenta, en Marín, na data que figura ó pé deste documento, que é asinado dixitalmente.

Vº e prace

A ALCALDESA-PRESIDENTA

María Ramallo Vázquez

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E3000346ED00J6M6R5O9I5H7 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">PAULA COSTAS ROMERO-Secretaría - 12/07/2019 MARÍA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 12/07/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/07/2019 15:17:35</p>	<p>EXPEDIENTE : 2018CO145-000041 Fecha: 14/02/2019 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	--	--

